



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade  
e Avaliación Ambiental

**meteogalicia**

*Informe climatolóxico febreiro 2012*

---

# **INFORME CLIMATOLÓXICO MES DE FEBREIRO DE 2012**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>DESCRIBIÓN SINÓPTICA DO MES .....</b>	<b>2</b>
<b>2</b>	<b>ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....</b>	<b>3</b>
<b>3</b>	<b>RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.....</b>	<b>5</b>
<b>4</b>	<b>TEMPERATURA .....</b>	<b>8</b>
<b>4.1.</b>	<b>Temperatura máxima media mensual. ....</b>	<b>8</b>
<b>5</b>	<b>Temperatura mínima media mensual.....</b>	<b>9</b>
<b>5.1.</b>	<b>Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 febreiro.....</b>	<b>10</b>
<b>5.2.</b>	<b>Evolución da temperatura media no período 1961-2012.....</b>	<b>14</b>
<b>6</b>	<b>PRECIPITACIÓN .....</b>	<b>15</b>
<b>6.1.</b>	<b>Precipitación acumulada mensual febreiro 2012 .....</b>	<b>15</b>
<b>6.2.</b>	<b>Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....</b>	<b>16</b>
<b>6.3.</b>	<b>Días de chuvia en febreiro de 2012 .....</b>	<b>17</b>
<b>6.4.</b>	<b>Evolución da precipitación no período 1961-2012 .....</b>	<b>19</b>
<b>7</b>	<b>VENTO .....</b>	<b>20</b>
<b>8</b>	<b>RADIACIÓN SOLAR .....</b>	<b>24</b>
<b>8.1.</b>	<b>Mapa de irradiación solar mensual.....</b>	<b>24</b>
<b>8.2.</b>	<b>Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....</b>	<b>25</b>
<b>9</b>	<b>RAIOS.....</b>	<b>26</b>
<b>Anexo: Resumo mensual</b>		

**Data edición: 08/03/2012**



## **Mes extremadamente seco e frío**

### **1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES**

O mes de febreiro quedou marcado pola persistencia das situacións anticiclónicas sobre Galicia, coas altas presións situadas en xeral ao norte da península Ibérica, bloqueando polo tanto dende esa posición a entrada de fronte atlánticas. De feito, o mes comezou cunha situación un tanto inestable, cun pequeno centro de baixas presións que deixou unha xornada de chuvia xeneralizada en toda a Comunidade, que soamente se repetiría de xeito máis débil na xornada do día 14.

Entre os días 2 e 3 as altas presións ocuparon o seu lugar ao norte da península Ibérica, formando unha barreira anticiclónica con varios centros entre Escandinavia e os Azores. Esta situación xunto coa presenza de borrascas no Mediterráneo occidental propiciaron un episodio de invasión de aire polar de orixe continental. Deste xeito tivemos neste primeiro episodio xornadas con baixas temperaturas e xeadas xeneralizadas no interior.

Na xornada do día 5 o cambio de dirección dos ventos, dende nordés a norte-noroeste, propiciou a entrada de aire máis húmido, deixando nubes, algunhas chuvias escasas e temperaturas mínimas algo máis suaves. Este episodio tivo lugar ata o día 8 no que novamente quedou establecida a situación anterior de barreira anticiclónica no Atlántico e baixas presións no Mediterráneo occidental.

Deste xeito entre os días 8 e 13 a situación foi novamente de tempo seco, pero con néboas e importantes xeadas no interior, sendo os días 12 e 13 os máis fríos de todo o mes, con valores que no sur da provincia de Ourense situáronse por debaixo dos -10°C.

Na xornada do 14 outro cambio nos ventos a norte-noroeste, volveron a traer aire algo máis húmido, de xeito que a presenza de nubes e algunhas chuvias febles impediron unha caída tan brusca nas temperaturas mínimas.



Na segunda metade do mes apenas tivemos cambios significativos na estrutura sinóptica que afectaba a Galicia, quedándose as altas presións de bloqueo ata a derradeira xornada do día 29, soamente cun episodio con nubes e chuvias febles na metade norte o día 19 e algunhas nubes de tipo medio e alto noutras xornadas.

A principal diferenza entre esta situación e a de principios do mes atopámola nas masas de aire que chegaron a Galicia. Ao principio deste período entre o 15 e o 21 aínda chegou aire frío procedente do continente, pero xa de xeito máis debilitado que na primeira quincena. Neses días aínda rexistráronse importantes xeadas en puntos do interior, pero xa os valores máximos foron ascendendo, para quedar nalgúns puntos por riba dos 15°C.


A derradeira semana do mes estivo marcada, ademais de polo anticiclón, pola ausencia de aire frío, de xeito que os termómetros marcaron valores altos nas horas centrais do día. Aínda neste período tivemos xeadas febles no interior ocasionadas pola longa duración das noites, pero a baixa humidade propiciou mañás con importantes ascensos de temperatura, superándose en xeral os 20°C e incluso de xeito illado os 25°C. A diferenza entre as temperaturas mínimas e as máximas no interior durante estes derradeiros días do mes superou tamén os 20°C en moitos puntos e incluso puntualmente tamén os 25°C.

## **2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

As anomalías de presión tanto en superficie como a 500 hPa deixan ver claramente o predominio das altas presións ao norte da península Ibérica. Tamén se aprecia a tendencia cara ás baixas presións no Mediterráneo occidental, aínda que desta volta a anomalía non é tan marcada, do que se infire que esta situación non foi tan persistente como a de anticiclón de bloqueo ao norte da península Ibérica. Este bloqueo é o responsable da escaseza das precipitacións e as baixas do Mediterráneo son as responsables das baixas temperaturas de principios do mes.




**Anomalías de presións a nivel medio do mar  
Febreiro 2012**



**Figura 1:** Anomalías de presión en superficie, febreiro de 2012.

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa  
Febreiro 2012**



**Figura 2:** Anomalías de xeopotencial en 500hPa, febreiro de 2012.



### 3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1971-2000.

O valor climático corresponde co promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuva corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

#### A CORUÑA

	FEBREIRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.4	10.9	13.4 (1990)	9.3 (1983)
Tª mínima media	5.9	8.0	10.8 (1990)	6.1 (1981)
Tª mínima absoluta	0.3 (día 4)	0.2 (15/2/1983)		
Tª mínima máis alta	10.2 (día 6)	14.6 (27/2/1987)		
Tª máxima media	12.9	13.7	16.7 (1998)	11.8 (1973)
Tª máxima absoluta	17.3 (día 24)	24.6 (27/2/1997)		
Tª máxima máis baixa	8.9 (día 2)	4.6 (13/2/1983)		
Precipitación acumulada	24	71-106	234 (1979)	18 (1993)
Días de chuva (≥1mm)	5	14	23 (1986)	3 (1993)

*Comentario: Mes extremadamente frío tendo en conta as temperatura mínimas, mentres que é moi frío para as medias e frío para as máximas.*

*A chuva rexistrada é moi inferior ó rango de valores normais, se ben supera o valor mínimo da serie no período 1971-2000, caracterizándose o mes como moi seco. O número de días de chuva non chega á metade do valor climático agardado.*

**SANTIAGO**

	FEBREIRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	7.5	9.5	11.8 (1998)	7.4 (1983)
Tª mínima media	3.0	5.5	7.5 (2000)	3.5 (1984)
Tª mínima absoluta	-1.3 (día 4)	-2.7 (16/2/1983)		
Tª mínima máis alta	9.6 (día 6)	12.9 (20/2/1990)		
Tª máxima media	13.1	13.5	17.6 (1998)	10.5 (1983)
Tª máxima absoluta	21.1 (día 27)	22.8 (22/2/1990)		
Tª máxima máis baixa	6.8 (día 2)	3.6 (4/2/1994)		
Precipitación acumulada	7	144-170	347 (1986)	25 (1993)
Días de chuvia (≥1mm)	3	14	22 (1986)	4 (1998)

*Comentario:* Mes extremadamente frío tendo en conta as temperaturas mínimas, moi frío para as mínimas e frío para as máximas tal como ocorría na localidade de A Coruña.

A chuvia rexistrada é moi inferior ó rango de valores normais, chegando a caracterizarse o mes como extremadamente seco. O número de días de choiva tamén foi moito menor do agardado para febreiro.

\* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

**LUGO**

	FEBREIRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	5.5	7.5	10.7 (1990)	3.9 (1981)
Tª mínima media	0.0	3.2	7.5 (1990)	-1.1 (1981)
Tª mínima absoluta	-6.8 (día 4)	-9.0 (17/2/1983)		
Tª mínima máis alta	7.9 (día 6)	15.0 (28/2/1987)		
Tª máxima media	12.2	11.7	16.1 (1998)	8.6 (1984)
Tª máxima absoluta	20.9 (día 28)	23.0 (27/2/1997)		
Tª máxima máis baixa	6.4 (día 4)	1.0 (11/2/1978)		
Precipitación acumulada	19	60-99	275 (1979)	22 (1992)
Días de chuvia (≥1mm)	6	12	23 (1977)	3 (1998)

*Comentario:* Mes moi frío tendo en conta as temperaturas mínimas e medias. Porén, para as temperaturas máximas o mes resulta normal.

Mes extremadamente seco en canto as precipitación con un número de días de chuvia a metade do valor climático agardado.

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	FEBREIRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.1	9.9	12.8 (1990)	8.3 (1972)
Tª mínima media	2.8	5.2	9.7 (1990)	3.2 (1999)
Tª mínima absoluta	-1.8 (día 4)	-2.8 (12/2/1978)		
Tª mínima máis alta	8.7 (día 6)	14.5 (15/2/1995)		
Tª máxima media	15.0	14.6	18.3 (1998)	12 (1972)
Tª máxima absoluta	19.9 (día 23)	23.5 (14/2/1998)		
Tª máxima máis baixa	10.2 (día 2)	5.9 (17/2/1973)		
Precipitación acumulada	4	151-197	526 (1979)	12 (1993)
Días de chuvia (≥1mm)	2	13	23 (1977)	3 (1998)

*Comentario:* Mes extremadamente frío tendo en conta as temperaturas medias e as mínimas. Porén o mes considérase normal cando falamos de temperaturas máximas. Mes extremadamente seco con respecto ó período de referencia. O número de días de chuvia tamén foi moi inferior ó valor climático agardado.

**OURENSE**

	FEBREIRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	6.0	9.2	12.3 (1990)	7.4 (1991)
Tª mínima media	-1.0	3.7	8.0 (1990)	0.7 (1993)
Tª mínima absoluta	-5.8 (día 4)	-5.2 (12/2/1978)		
Tª mínima máis alta	6.3 (día 6)	13.0 (8/2/1979)		
Tª máxima media	15.3	14.7	18.9 (1998)	11.3 (1981)
Tª máxima absoluta	23.8 (día 24)	24.8 (25/2/2000)		
Tª máxima máis baixa	8.1 (día 2)	5.0 (18/2/1991)		
Precipitación acumulada	4	57-68	245 (1979)	4 (1993)
Días de chuvia (≥1mm)	1	10	21 (1977)	1 (1992)

*Comentario:* Mes extremadamente frío tendo en conta as temperaturas mínimas e medias. Porén, o mes resulta normal para as temperaturas máximas. Mes extremadamente seco con tan só un día que superou o limiar de 1l/m<sup>2</sup>.






## 4 TEMPERATURA

As temperaturas foron baixas en xeral para o mes de febreiro e o déficit explícase principalmente polas baixas temperaturas nocturnas ocasionadas polas múltiples xornadas anticiclónicas con ceo despexado e as entradas de aire polar continental. As xeadas foron moi numerosas. Así por exemplo, en Ourense tivemos 22 xornadas con xeadas, sendo continuado o episodio entre os días 8 e o 24, coa excepción do día 14. A media das máximas estivo dentro de rango agardado, posto que a primeira quincena do mes tivo temperaturas baixas, pero a segunda foi de temperaturas diúrnas altas, con valores que superaron de xeito bastante xeneralizado os 20°C.

### 4.1. Temperatura máxima media mensual.




Tmáx - 02/2012

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

**Figura 3:** Mapa de temperatura máxima media do mes de febreiro de 2012.



## 5 Temperatura mínima media mensual.




Tmín - 02/2012

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

**Figura 4:** Mapa de temperatura mínima media do mes de febreiro de 2012.



**5.1. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 febreiro.**



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media (°C) respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables, nas estacións meteorolóxicas pertencentes á rede de observación de MeteoGalicia.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Vigo	Vigo	Pontevedra	0.0
Vigo-Campus	Vigo	Pontevedra	-0.1
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	-0.1
Vigo-II Marinas	Vigo	Pontevedra	-0.3
Louredo	Mos	Pontevedra	-0.6
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	-0.6
O Viso	Redondela	Pontevedra	-0.6
Soutomaior	Soutomaior	Pontevedra	-0.7
Xares	A Veiga	Ourense	-0.8
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-0.8

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de febreiro de 2012.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas, na rede de estacións de MeteoGalicia, con respecto ao período climático 1971-2000.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-2.8
Mabegondo	Abegondo	A Coruña	-2.6
Caldas de Reis	Caldas de Reis	Pontevedra	-2.4
Penedo do Galo	Viveiro	Lugo	-2.4
Pol	Pol	Lugo	-2.3
Lourenzá	Lourenzá	Lugo	-2.3
Pedro Murias	Ribadeo	Lugo	-2.3
Burela	Burela	Lugo	-2.3
Pontenova (A)	A Pontenova	Lugo	-2.2
Vilamor	Mondoñedo	Lugo	-2.2

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de febreiro de 2012.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de febreiro de 2012 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2012				
por debaixo dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
24/02/2012	Millara	Ferreira de Pantón	Lugo	25.4
27/02/2012	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	24.3
23/02/2012	Remuíño	Arnoia	Ourense	23.9
24/02/2012	Ourense	Ourense	Ourense	23.8
27/02/2012	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	22.9
27/02/2012	Cespón	Boiro	A Coruña	22.9
27/02/2012	A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	22.7
27/02/2012	Verín-Vilela	Verín	Ourense	22.5
27/02/2012	Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	22.4
27/02/2012	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	22.4

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2012 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2012				
por riba dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
26/02/2012	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	19.3
27/02/2012	Corzos	A Veiga	Ourense	18.3
27/02/2012	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	17.5
24/02/2012	Xurés	Muiños	Ourense	17.3
27/02/2012	O Cebreiro	Pedrafito do Cebreiro	Lugo	16.3
27/02/2012	Ancares	Cervantes	Lugo	15.8
26/02/2012	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	15.2
23/02/2012	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	14.2
27/02/2012	Xares	A Veiga	Ourense	12.1
23/02/2012	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	11.5

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2012 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de febreiro de 2012 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2012				
por riba dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
04/02/2012	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-12.3
04/02/2012	Corzos	A Veiga	Ourense	-11.7
03/02/2012	Xares	A Veiga	Ourense	-11.7
04/02/2012	Lardeira	Carballada de Valdeorras	Ourense	-10.6
04/02/2012	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-10.3
12/02/2012	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-10.2
04/02/2012	Ancares	Cervantes	Lugo	-9.6
04/02/2012	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	-8.5
04/02/2012	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	-8.3
03/02/2012	Xurés	Muiños	Ourense	-7.9


**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2012 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2012				
por debaixo dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
04/02/2012	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-13.5
12/02/2012	Baltar	Baltar	Ourense	-11.4
04/02/2012	Montederramo	Montederramo	Ourense	-11.2
12/02/2012	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-10.7
04/02/2012	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-10.4
04/02/2012	Mourelle	Sarria	Lugo	-10.0
04/02/2012	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-9.9
04/02/2012	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-9.3
12/02/2012	Riós	Riós	Ourense	-8.2
04/02/2012	Oímbra	Oímbra	Ourense	-8.2


**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2012 altitude inferior a 1000m.



## 5.2. Evolución da temperatura media no período 1961-2012.



**Figura 6:** Evolución da temperatura media ó longo do período 1961-2012 para febreiro.




**Figura 7:** Anomalía da temperatura media ó longo do período 1961-2012 para febreiro.



## 6 PRECIPITACIÓN

O mes caracterizouse por ser extremadamente seco en toda a Comunidade, sen precedentes na serie histórica. Dentro desta extrema sequidade a parte máis afectada foi o sur de Galicia, onde as precipitacións acumuladas situáronse por debaixo dos 10 mm. Así por exemplo destaca no observatorio costeiro de Lourizán os 4 mm de chuvia e soamente dúas xornadas do mes con máis de 1 mm, ou no interior, o observatorio de Ourense con 3.6 mm e soamente unha xornada con máis de 1 mm.

### 6.1. Precipitación acumulada mensual febreiro 2012



Chuvia/lluvia - 02/2012

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)


**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada do mes de febreiro de 2012.





A metade Sur da comunidade galega presenta valores moi baixos de precipitación que mesmo chegan a ser cero nas comarcas de Viana e de Valdeorras e nalgúns localidades das Rías Baixas.


## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de febreiro de 2012.



### 6.3. Días de chuvia en febreiro de 2012



**Figura 10:** Días de chuvia superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de febreiro de 2012.

Neste mes a escaseza de chuvia tamén se reflectiu nun número de días de chuvia moi inferiores ós valores climáticos agardados. Como se pode ver na figura 10, principalmente nas Rías Baixas o número de días de chuvia é cero.

A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de febreiro.



Precipitacións acumuladas máximas en febreiro de 2012 (L/m <sup>2</sup> )			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Fragavella	Abadín	Lugo	91
O Xipro	A Fonsagrada	Lugo	85
Labrada	Abadín	Lugo	73
Penedo do Galo	Viveiro	Lugo	71
Ancares	Cervantes	Lugo	68
Borreiros	Viveiro	Lugo	67
Lourenzá	Lourenzá	Lugo	62
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	61
Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	54
Pontenova (A)	A Pontenova	Lugo	52

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2012.


Como se pode observar, foi a provincia de Lugo a que rexistrou unha maior precipitación mensual.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio
O Xipro	A Fonsagrada	Lugo	43	05/02/2012 7:30
Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	33	05/02/2012 10:00
PGalo	Viveiro	Lugo	27	06/02/2012 8:50
Ancares	Cervantes	Lugo	27	05/02/2012 7:30
Borreiros	Viveiro	Lugo	27	06/02/2012 15:00
Fragavella	Abadín	Lugo	22	01/02/2012 0:00
Sabón	Arteixo	A Coruña	22	01/02/2012 0:00
Labrada	Abadín	Lugo	19	06/02/2012 18:10
SFaladoira	Ortigueira	A Coruña	18	05/02/2012 7:30
Pontenova	A Pontenova	Lugo	18	05/02/2012 5:50


**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de febreiro de 2012.



#### 6.4. Evolución da precipitación no período 1961-2012



**Figura 11:** Evolución da precipitación acumulada en febreiro respecto ó período 71-00.



**Figura 12:** Evolución da anomalía de precipitación en febreiro respecto ó período 71-00.

Cun 91% menos de precipitación rexistrada con respecto ó período de referencia 1971-2000, este mes de febreiro resultou o máis seco na historia da serie rexional considerada. Esta serie comeza en 1961 e chega ata a actualidade.









## 7 VENTO

Na táboa 9 móstranse os casos nos que os refachos foron superiores aos 100 km/h na Comunidade galega.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en febreiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
02/02/2012	Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	103.5

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de febreiro de 2012.

Nas táboas seguintes preséntase un resumo no que se inclúen a rosa dos ventos das estacións meteorolóxicas escollidas, a velocidade media mensual, o refacho máximo (km/h) e a porcentaxe de calmas.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	92.6	NE	14		
		Día 11				
Punta Candieira	Cedeira	88.1	NE	11		
		Día 17				
Malpica	Malpica	77.9	E	5		



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	60.6	N	9	<p>INTENSIDADES PODERARAS COA DIRECCIÓN # Marco da Curra-A3 # 82/2012</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Marco da Curra-A3 # 82/2012</p>
		Día 14				
Río do Sol	Coristanco	84.8	NE	3	<p>INTENSIDADES PODERARAS COA DIRECCIÓN # RíoSol-A5 # 82/2012</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # RíoSol-A5 # 82/2012</p>
		Día 14				

**Táboa 10:** Resumo do vento no mes de febreiro de 2012 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	67.1	SE	3	<p>INTENSIDADES PODERARAS COA DIRECCIÓN # Burela-A4 # 82/2012</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Burela-A4 # 82/2012</p>
		Día 14				
Ancares	Cervantes	95.1	NE	17	<p>INTENSIDADES PODERARAS COA DIRECCIÓN # Ancares-A1 # 82/2012</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Ancares-A1 # 82/2012</p>
		Día 14				



**Táboa 11:** Resumo vento no mes de maio de 2012 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	56.9	E	18		
		Día 8				
Alto do Rodicio	Maceda	85.4	NE	9		
		Día 8				
Gandarela	Celanova	52.1	NO	27		
		Día				

**Táboa 12:** Resumo do vento no mes de febreiro de 2012 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de montes	103.5	NE	12		
		Día 2				



S. Faro	Rodeiro	76.8	NE	7	<p>INTENSIDADES PORDEBARAS COA DIRECCIÓN # S. Faro-A5 # 82/2912</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # S. Faro-A5 # 82/2912</p>
		Día 14				
Ons	Bueu	62.9	NE	10	<p>INTENSIDADES PORDEBARAS COA DIRECCIÓN # Ons-A4 # 82/2912</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Ons-A4 # 82/2912</p>
		Día 2				


**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de febreiro de 2012 na provincia de Pontevedra.





## 8 RADIACIÓN SOLAR


### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual



**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de febreiro de 2012.



## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade  
e Avaliación Ambiental

**meteogalicia**

*Informe climatolóxico febreiro 2012*

---

## **9 RAIOS**

A rede de detección de raios de MeteoGalicia non registrou ningún raio neste mes de febreiro.

**MeteoGalicia**  
**Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental**  
**Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**  
**Xunta de Galicia**

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2012 Mes: 2

Provincia Estación	Tª Media °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC <sup>(1)</sup> l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva <sup>(2)</sup>	Xeada
<b>A Coruña</b>																									
A Gándara	7.3	10.9	18.5	27	4.5	-0.1	12	22	6.4	1	-23	86	98	66	57	170	968	21.2	69	979	12	1			
Aldea Nova	7.8	12.0	19.6	24	4.7	-0.8	4	38	15.8	1	-12	74	87	56	45	134	933	9.7	52	995	10	2			
Camariñas	9.7	12.7	16.9	23	6.3	0.8	4	6	3.8	1	--	72	85	56	--	--	1001	19.1	66	--	5	0			
Cespón	9.0	14.9	22.9	27	3.9	-0.6	5	6	2.4	1	-63	68	86	47	69	208	1133	8.6	56	1023	7	1			
CIS Ferrol	8.9	13.7	21.8	24	4.6	-1.8	4	24	8.2	1	-34	75	94	54	56	169	984	10.4	59	1025	8	2			
Corrubedo	9.2	13.3	16.5	23	5.6	1.7	3	3	3.1	1	-68	66	81	49	67	202	1122	10.1	57	1024	2	0			
Coruña	9.4	12.9	17.3	24	5.9	0.3	4	24	16.2	1	--	69	83	51	--	--	--	--	--	--	--	6	0		
Coruña Dique	8.9	11.7	15.9	24	5.2	-0.1	4	11	10.6	1	--	80	94	63	--	--	--	17.3	72	1028	4	1			
Costa	8.1	14.1	22.3	27	3.2	-2.6	4	1	0.8	1	--	67	85	44	--	--	--	5.0	--	--	5	4			
Coto Muiño	6.3	12.9	22.3	27	0.7	-5.1	4	32	9.2	1	--	78	93	53	--	--	--	5.4	43	--	13	13			
Fontecada	6.8	12.4	21.1	23	2.3	-1.6	4	11	4.5	1	-45	76	92	53	59	176	1031	11.9	59	984	8	9			
Lesende	8.2	13.3	21.1	27	3.9	-0.6	4	1	0.8	1	--	65	80	46	--	--	--	5.0	42	--	7	1			
Lira	9.2	12.4	17.2	27	6.6	2.9	4	2	2.5	1	--	67	83	50	--	--	--	20.9	92	--	4	0			
Mabegondo	6.6	13.2	20.9	24	0.3	-5.1	4	25	10.4	1	-24	77	93	53	55	163	979	5.0	49	1017	14	14			
Malpica	8.7	11.3	16.3	24	6.3	1.3	4	9	5.6	1	-51	75	88	61	52	156	984	25.9	77	1009	9	0			
Marco da Curra	5.1	8.9	17.3	24	2.0	-2.6	12	37	13.2	5	-13	77	91	59	52	155	942	16.2	60	951	10	7			
Melide	5.9	12.0	20.5	28	0.8	-4.1	4	14	5.9	1	-42	71	90	47	55	165	1003	9.4	59	971	8	12			
Muralla	5.7	9.3	16.9	23	2.6	-2.9	12	7	3.5	1	-50	77	93	58	69	206	1173	29.2	91	949	7	9			
O Val	8.3	13.1	19.5	24	3.3	-3.2	4	18	12.2	1	--	71	88	51	--	--	--	5.0	--	1021	10	5			
Olas	6.0	11.2	20.2	24	1.6	-3.6	13	28	11.6	5	--	77	94	55	55	164	966	--	--	--	10	11			
Pazo de Galegos	7.6	13.6	21.6	27	2.5	-1.6	3	2	1.9	1	--	68	85	45	--	--	1036	6.1	43	1001	6	8			
Punta Candieira	8.1	10.0	18.1	28	6.3	3.0	4	15	7.2	1	-49	70	85	53	50	149	947	26.6	88	998	7	0			
Raído-Arzúa	6.0	11.8	20.1	23	0.5	-5.0	4	9	3.2	1	--	74	91	49	--	--	--	--	--	984	11	13			
Río do Sol	6.1	10.7	19.6	28	2.9	-1.7	12	31	7.2	1	-24	76	91	56	57	169	966	20.9	84	964	9	8			
Sabón	8.9	12.3	15.9	24	4.8	-0.7	12	28	22.0	1	-35	71	84	55	54	162	979	14.8	66	--	6	2			
Sálvora	10.1	13.4	17.3	23	7.4	4.1	12	4	4.0	1	--	70	84	55	--	--	1173	--	--	--	4	0			
Santiago-EOAS	7.6	13.1	21.1	27	3.0	-1.3	4	7	3.0	1	-53	75	92	51	34	101	1085	9.0	58	998	6	6			
Sergude	7.3	13.6	21.8	27	2.1	-3.5	12	3	1.2	1	--	74	92	49	57	172	1000	--	--	--	10	9			

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2012 Mes: 2

Provincia Estación	Tª Media °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC <sup>(1)</sup> l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación % de sol	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva <sup>(2)</sup>	Xeada
<b>A Coruña</b>																								
Serra da Faladoira	5.3	8.4	15.7	24	2.9	-1.3	12	61	15.3	5	19	83	94	67	39	117	835	22.0	67	960	9	4		
<b>Lugo</b>																								
A Pontenova	5.2	9.1	15.6	29	1.9	-3.0	4	51	14.7	7	--	87	97	65	41	124	796	--	--	--	11	10		
Abradelo	4.5	9.6	19.1	28	0.4	-6.8	4	25	9.7	5	--	68	85	49	46	139	1020	--	--	--	7	14		
Ancares	1.8	5.4	15.8	27	-1.3	-9.6	4	68	23.9	5	21	68	82	52	47	142	1014	14.8	95	870	8	19		
Borreiros	7.7	12.1	18.5	24	3.7	-2.7	4	67	20.3	7	25	74	89	55	33	98	723	5.8	37	1022	10	6		
Bóveda	5.6	13.3	22.0	28	-0.8	-7.0	4	6	1.8	14	--	70	93	40	64	193	1121	--	--	--	7	18		
Burela	6.3	8.5	13.3	28	4.6	1.0	12	48	10.4	1	7	84	95	67	31	92	725	18.7	67	979	11	0		
Campus Lugo	5.5	12.2	20.9	28	0.0	-6.8	4	19	5.6	14	--	76	94	48	52	156	950	6.5	53	978	11	17		
Castro R. de Lea	4.8	11.0	20.4	29	-0.2	-7.9	4	18	7.4	14	--	82	96	56	48	143	912	--	--	978	13	18		
Conchada	5.1	12.0	20.3	29	0.0	-6.5	4	20	7.2	5	--	65	84	42	58	175	1206	--	--	--	10	15		
Corno do Boi	4.5	8.9	18.2	24	1.1	-3.6	4	12	3.6	5	-36	78	94	56	54	162	985	14.4	59	--	12	11		
Courel	5.3	10.6	19.4	28	1.1	-6.0	4	18	7.5	5	-44	61	78	43	63	190	1091	7.9	77	936	7	11		
Fontaneira	3.9	8.0	17.1	28	0.8	-4.6	4	22	5.7	5	-22	71	86	55	46	--	985	5.4	--	--	8	14		
Foz	8.0	11.2	13.9	29	4.7	-1.4	4	44	10.0	1	--	79	91	63	39	116	789	--	--	--	9	3		
Fragavella	4.4	7.6	15.7	29	1.4	-4.9	4	91	22.4	1	54	85	95	68	28	82	658	13.7	62	957	15	10		
Guitiriz	5.0	9.5	18.8	28	1.8	-3.1	4	24	6.1	5	-22	79	93	60	46	139	903	15.1	59	948	15	10		
Labrada	4.6	7.8	17.0	29	2.1	-2.6	4	72	17.8	7	30	78	90	63	40	119	812	10.8	55	--	12	7		
Lourenzá	6.5	11.5	16.5	29	1.8	-4.6	12	61	12.8	7	--	81	94	60	--	--	--	5.8	46	--	14	12		
Marroxo	5.4	11.1	19.2	29	1.1	-4.5	4	5	1.8	1	-54	69	88	46	68	205	1110	6.5	45	952	6	10		
Millara	6.4	16.4	25.4	24	0.0	-5.5	4	6	2.6	1	--	74	97	39	--	--	--	3.2	36	--	6	17		
Mourelle	4.3	12.4	21.0	29	-2.9	-10.0	4	14	5.0	5	-31	76	95	45	48	143	930	3.6	36	978	10	22		
O Cebreiro	1.6	6.7	16.3	27	-2.4	-10.3	4	20	8.2	6	--	75	90	57	47	142	1011	16.6	90	876	6	20		
O Xipro	4.1	8.8	18.4	28	0.4	-5.9	4	84	33.3	5	36	77	92	57	51	154	915	12.6	57	935	14	13		
Olveda	4.7	10.7	19.4	28	-0.2	-5.3	12	10	5.0	1	--	77	95	49	--	--	--	6.8	42	--	10	14		
Pedro Murias	8.2	11.3	15.1	28	4.7	-0.3	4	27	7.4	5	-20	75	86	61	39	115	767	10.4	49	1024	9	1		
Penedo do Galo	5.5	8.2	15.2	28	3.6	-0.2	12	70	18.5	7	--	78	90	60	37	110	771	--	--	--	13	1		
Pol	4.7	10.0	19.0	23	1.1	-4.4	4	44	11.7	5	--	80	95	56	46	139	960	--	--	--	6	12		
Portomarín	4.8	12.0	20.5	28	-1.0	-7.4	4	9	2.9	14	--	75	93	45	51	152	884	--	--	975	4	19		

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2012 Mes: 2

Provincia Estación	Tª Media °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC <sup>(1)</sup> l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación % de sol	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva <sup>(2)</sup>	Xeada
<b>Lugo</b>																								
Sambreixo	4.8	10.9	19.9	29	-0.6	-7.1	4	21	5.4	1	--	79	95	52	52	155	965	--	--	--	13	18		
San Clodio	4.8	14.2	22.4	29	-1.7	-7.6	4	13	4.6	5	--	75	95	41	--	--	--	2.9	36	997	9	22		
San Fiz	5.9	12.8	20.8	28	0.2	-5.3	4	4	2.9	1	--	69	91	41	--	--	--	6.1	--	981	5	16		
Sobrecedo	5.4	12.3	20.7	29	-0.1	-5.7	4	1	0.9	1	-35	73	93	45	40	118	636	4.7	37	980	5	18		
Ventosa	3.5	8.2	18.1	28	-0.7	-7.8	4	54	23.2	5	-13	70	87	51	54	163	1020	10.8	68	920	11	17		
Vilamor	7.1	11.3	16.4	29	2.9	-3.2	4	22	8.5	1	-21	77	89	58	36	106	745	6.5	43	--	11	9		
<b>Ourense</b>																								
Alto do Rodicio	3.8	8.2	16.6	27	0.0	-7.0	4	11	2.9	1	--	70	88	49	59	176	1172	18.4	85	913	6	17		
Amiudal	6.4	12.5	20.5	24	2.0	-4.1	12	2	1.1	1	--	65	84	42	58	173	1212	11.2	71	--	5	8		
As Petarelas	5.5	13.6	22.3	27	-0.9	-8.1	4	0	0.5	5	--	58	83	31	--	--	--	--	--	--	3	18		
Baltar	3.3	10.5	18.5	28	-3.7	-11.4	12	11	3.6	1	--	65	86	40	66	198	1214	10.1	53	932	8	23		
Cabeza de Manzaneda	-0.5	3.2	11.5	23	-3.6	-12.3	4	9	4.5	5	--	65	81	49	--	--	--	18.0	68	829	4	20		
Calvos	2.0	10.3	18.5	27	-5.6	-13.5	4	9	3.4	1	--	76	97	44	--	--	--	9.0	57	--	9	26		
Corzos	1.3	8.4	18.3	27	-4.2	-11.7	4	12	3.7	1	--	68	86	44	--	--	--	7.9	40	--	9	22		
Entrimo	5.8	12.2	21.0	23	0.9	-5.6	4	6	5.1	1	--	59	80	36	70	211	1216	--	--	--	4	12		
EVEGA Leiro	5.5	17.1	24.3	27	-2.6	-7.5	12	4	1.8	1	--	75	98	33	--	--	--	2.9	36	--	11	23		
Gandarela	6.0	11.8	20.1	24	1.5	-4.5	4	8	5.5	1	-57	66	85	43	70	210	1176	9.0	52	954	5	10		
Lardeira	1.1	6.0	14.2	23	-2.9	-10.6	4	1	0.6	14	--	66	86	45	--	--	1160	18.7	76	843	3	20		
Larouco	5.7	13.6	21.4	28	-0.9	-6.3	4	1	0.4	1	--	61	83	35	--	--	--	4.0	70	--	7	18		
Laza	5.3	13.4	21.5	27	-1.2	-7.8	12	6	2.4	1	--	65	88	38	--	--	--	5.8	50	--	7	18		
Monte Medo	5.2	12.0	20.3	28	-0.9	-7.2	4	8	4.4	1	--	65	90	39	61	183	1180	--	--	--	7	16		
Montederramo	2.6	8.9	17.2	27	-3.0	-11.2	4	4	2.6	1	--	69	89	44	--	--	--	3.2	--	916	9	21		
O Invernadeiro	3.3	10.7	19.3	26	-2.6	-10.2	12	4	1.6	6	-57	63	82	40	69	209	1123	7.9	65	908	10	21		
Oímbra	4.6	14.3	22.0	27	-3.6	-8.2	4	0	0.7	1	--	67	91	35	--	--	--	5.4	59	982	1	24		
Ourense	6.0	15.3	23.8	24	-1.0	-5.8	4	3	2.4	1	--	67	91	34	--	--	--	--	--	--	4	20		
Ourense-Ciencias	7.0	14.9	23.4	23	0.6	-4.1	4	2	1.6	1	-61	66	88	37	66	200	1150	4.7	57	1008	2	16		
Pazo de Fontefiz	6.7	13.2	21.3	28	1.1	-3.1	3	0	0.5	1	--	65	86	41	--	--	--	4.7	--	979	3	11		
Ponte Boga	5.5	13.2	21.2	28	-0.3	-7.0	4	2	0.8	1	--	66	85	41	--	--	--	5.0	55	972	9	16		
Remuíño	5.2	16.1	23.9	23	-1.8	-6.6	12	7	5.4	1	--	76	97	37	--	--	--	4.0	49	--	10	23		

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2012 Mes: 2

Provincia Estación	Tª Media °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC <sup>(1)</sup> l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación % de sol	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva <sup>(2)</sup>	Xeada
<b>Ourense</b>																								
Riós	4.9	12.2	20.8	26	-1.2	-8.2	12	0	0.2	1	--	62	85	38	--	--	--	4.0	37	--	1	18		
San Xoán de Río	3.3	8.8	17.5	27	-1.3	-8.5	4	19	5.8	6	--	67	86	44	60	180	1219	--	55	907	10	20		
Serra do Eixe	2.7	7.3	15.2	26	-1.4	-8.3	4	3	1.8	1	-63	61	79	40	73	221	1264	14.0	67	885	5	19		
Tioira	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--		
Verín-Vilamaior	5.5	13.3	21.0	27	-0.7	-6.4	4	3	1.6	5	-59	64	87	38	67	203	1220	6.5	45	963	5	17		
Verín-Vilela	3.5	14.4	22.5	27	-5.4	-10.7	12	1	0.7	1	--	72	94	37	--	--	--	5.0	46	--	3	27		
Viana do Bolo	3.7	10.9	19.5	27	-2.6	-10.4	4	5	2.9	5	-56	64	86	38	70	209	1154	7.9	51	927	5	21		
Xares	0.1	3.8	12.1	27	-3.4	-11.7	3	4	2.4	5	--	59	77	39	59	178	1172	18.7	75	828	4	21		
Xinzo	3.8	12.2	20.6	27	-3.4	-9.9	4	4	3.2	1	-55	71	92	43	66	199	1195	4.3	41	--	6	24		
Xurés	3.9	8.6	17.3	24	-0.5	-7.9	3	8	4.3	1	--	65	85	44	66	198	1161	11.9	56	904	8	18		
<b>Pontevedra</b>																								
A Granxa	6.9	15.7	22.7	27	-0.3	-5.5	12	2	2.1	1	-50	69	90	38	62	186	1034	3.2	--	--	3	20		
Areas	8.1	14.9	22.0	27	2.9	-1.5	5	4	2.8	1	--	67	87	44	--	--	--	4.3	37	--	4	4		
Areeiro	8.5	14.0	19.9	23	3.8	-0.6	12	1	0.8	1	--	66	83	45	--	--	--	4.7	39	--	5	3		
As Eiras	8.1	14.9	20.7	23	2.8	-2.0	3	4	2.8	1	-58	69	88	44	61	184	1127	3.2	38	--	5	4		
Caldas de Reis	7.8	13.3	21.5	27	3.7	-0.7	4	2	2.1	1	--	69	90	43	70	209	1145	--	--	995	5	4		
Camanzo	6.7	13.3	21.1	27	0.9	-5.4	4	2	1.1	1	--	70	91	45	--	--	--	7.6	43	1003	7	14		
Castro Vicaludo	7.5	11.3	18.8	27	4.4	-2.0	12	6	5.1	1	--	79	93	56	57	172	1237	13.7	66	970	4	4		
Castrove	7.8	11.6	18.7	23	4.8	-0.2	12	5	2.2	5	-65	66	82	48	68	203	1171	19.4	82	976	5	1		
Cequeliños	7.5	14.6	22.9	27	1.8	-2.8	13	6	5.4	1	--	69	93	38	--	--	--	10.1	58	--	3	8		
Corón	9.5	13.4	19.8	27	5.8	0.8	5	3	1.2	14	--	67	82	50	--	--	--	16.6	62	1026	3	0		
Cristimil	5.3	11.8	19.8	23	-0.5	-6.7	12	16	5.2	1	--	78	94	54	--	--	--	6.5	49	--	9	17		
Entenza	7.8	15.2	22.4	27	2.0	-2.7	4	10	7.8	1	-55	71	93	44	66	197	1188	4.0	51	--	6	7		
Fornelos de Montes	6.5	10.8	18.9	27	3.0	-2.8	12	7	4.4	1	-56	62	81	43	64	192	1232	18.7	103	944	6	7		
Illas Cíes	10.2	13.9	17.4	23	7.3	3.9	3	10	9.0	1	--	71	84	54	74	222	1265	--	--	--	5	0		
Louredo	7.1	13.5	20.0	27	2.5	-2.7	4	1	1.3	1	--	68	86	44	--	--	--	3.6	34	998	4	9		
Lourizán	8.1	15.0	19.9	23	3.2	-1.8	4	4	2.4	1	-54	74	85	43	64	191	1087	4.3	40	1022	4	5		
Meder	8.2	15.3	21.8	27	2.7	-2.4	12	3	3.4	1	--	65	86	39	--	--	--	2.9	26	1010	8	5		
Monte Aloia	7.5	12.9	21.2	27	3.6	-2.6	12	4	3.2	1	-65	63	81	43	58	174	1140	7.6	44	970	2	5		

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2012 Mes: 2

Provincia Estación	Tª Media °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC <sup>(1)</sup> l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva <sup>(2)</sup>	Xeada
<b>Pontevedra</b>																								
Mouriscade	4.3	12.1	20.2	27	-2.6	-9.3	4	15	6.0	1	--	74	90	51	--	--	--	5.4	40	968	12	23		
O Viso	8.3	14.0	20.7	27	4.3	-0.4	12	5	4.0	1	-70	66	83	44	73	220	1219	11.5	65	996	6	2		
Ons	8.9	12.7	18.3	23	5.7	1.5	4	3	2.6	1	--	71	86	53	--	--	--	18.4	62	1014	4	0		
Pereira	5.5	10.6	18.9	24	1.4	-4.8	12	18	5.8	1	--	71	92	47	64	191	1171	--	--	943	6	9		
Queimadelos	8.2	14.4	22.4	27	4.3	-0.9	12	9	7.6	1	-50	64	83	42	47	140	1002	4.7	46	984	3	4		
Rebordelo	6.1	13.0	20.4	27	-0.3	-4.7	12	8	4.0	1	--	71	91	45	70	210	1146	--	--	985	10	17		
Sanxenxo	9.2	14.6	20.0	23	4.8	-0.2	12	3	1.2	1	-65	67	84	46	70	210	1202	5.4	43	1024	3	1		
Serra do Faro	4.0	8.1	16.8	27	0.8	-5.3	4	14	4.1	1	-49	68	86	49	66	198	1123	23.0	76	911	8	14		
Soutomaior	8.1	14.3	20.5	27	4.0	-0.9	12	2	2.5	1	--	64	80	43	--	--	--	3.6	36	--	7	2		
Torrequeintáns	8.3	14.7	21.3	27	2.8	-1.9	3	0	0.4	1	-61	68	86	45	69	207	1131	4.0	55	1020	6	4		
Tremoedo	8.5	14.1	20.4	27	3.6	-1.4	3	3	1.1	14	--	66	83	45	--	--	--	5.0	43	--	17	3		
Vigo	9.5	15.3	20.0	24	5.2	-0.0	3	4	3.1	1	--	61	79	40	--	--	--	--	--	--	3	1		
Vigo-Campus	8.0	11.8	18.3	23	5.0	-0.4	4	6	4.6	1	-65	61	76	44	72	218	1265	9.4	52	972	4	2		
Vigo-II Marinas	10.1	13.8	17.9	23	7.0	2.4	4	3	2.8	1	-75	63	77	46	73	221	1171	10.4	57	1025	3	0		
Vilarmaior	4.3	10.9	19.2	27	-1.8	-7.8	4	17	6.8	1	--	74	90	50	--	--	--	5.4	46	--	13	21		
Xesteiras	5.6	9.2	17.5	27	2.5	-3.6	12	15	6.2	1	--	70	88	51	--	--	--	31.3	91	--	9	7		

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0